

VIERNES, 2 de octubre de 2009

ENTREVISTA

"Non quería interpretar a caricatura de min mesma e parei de escribir"

DANIEL SALGADO | 2 OCT 2009

"As posicións máis autocríticas respecto da literatura galega", afirma a poeta Yolanda Castaño, "adoitan proceder de certo descoñecemento sobre o que se fai noutras literaturas". "Podemos camiñar coa cabeza ben alta", asegura

A editorial Espiral Maior vén de reeditar os libros que puxeron o nome de Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) no centro do panorama literario entre 1995 e 1998. Contra o erotismo a un tempo lúdico e animal de *Elevar as pálpebras*, *Delicia* e *Vivimos no ciclo das Erofanías* revólvese agora a poeta. Por palabra - "non quero intepretar o retrato grotesco de min mesma"- e por obra: *Profundidade de campo*, a piques de aparecer en castelán da man de Visor, axustou contas coa imaxe emanada da escritora de Erofanía.

Pregunta. Por que escolleu o título *Erofanía* para reeditar os seus tres primeiros libros?

Resposta. Recolle certa idea dos tres. Foi unha palabra creada en laboratorio, un neoloxismo feito na casa, que fala de manifestacións do eros. Tamén leva esa idea de deconstrución, de certo nudismo coa linguaxe, de invención.

"A miña idea era dar voz ao desexo cunha orientación de xénero"

P. Aquela triloxía impactou e derrubou certos tabús. Tiña un programa poético?

"No meu último libro distancieime da imaxe que se creou de min"

R. Son libros escritos entre os 17 e os 19 anos e hai que contextualizalos. Están vencellados a aquela etapa vital. Logo todo se me ralentizou moitísimo. A miña idea consistía en darlle voz ao desexo cunha orientación de xénero, darlle voz ao corpo. E, ao tempo, empregar o erotismo como campo aboado para experimentos lingüísticos. E o amor fala da vida, do mundo, da escrita... e da relación co ti, sexa quen sexa. Pero non fun a única en explorar ese ámbito.

"Son personaxe proxectivo que reflicto os valores de quen teño enfronte"

P. Inscíbíase conscientemente nunha tradición literaria?

R. Aparte da poesía latinoamericana feita por mulleres nos 80, de Gioconda Belli a Ana Istarú ou Wendy Guerra, tamén era consciente de Xohana Torres, de Luz Pozo ou de Luísa Castro. Pilar Pallarés, María Xosé Queizán, unha autora que había que abordar coa túa criba persoal, e dende logo Xela Arias.

P. Detectaba carencias naquela paisaxe poética dos 90?

R. Non foi tan programático, senón que respondía a un impulso estritamente persoal. Talvez por iso cambiou, evolucionou e ao mellor se apagou co tempo.

P. *Erofanía* remata co verso "o discurso fracasado" e dá paso a un silencio de cinco anos.

O libro da egoísta (2003) cuestiona a súa obra anterior.

R. Aqueles tres libros [o último data de 1998] pechábanse con tres poéticas nas que aparece un pequeno desencanto coa linguaxe, certa frustración. A linguaxe non nolo pon nunca fácil. A idea é seguir buscando. Se me quedase no ciclo de Erofanía estaría morta. Non se debe confundir o discurso da poética co discurso poético, atopar a túa propia fórmula e sentar nela. Fuxín dese risco pechando o chiringuito un tempo. Non quería interpretar a caricatura de min mesma.

P. Pero a poeta Yolanda Castaño segue encadrada como autora erótica.

R. Malia a que hai once anos que publiquei Vivimos no ciclo das Erofanías [a obra final das recollidas en Erofanía], é certo que unha parte do público lector me encadra aí. Non sei se porque foi a primeira ou porque chamou a atención. E a miúdo tapa o meu traballo posterior.

P. Amais de silencio editorial, houbo silencio na escrita?

R. Si, totalmente. Collín outro ritmo, o da vida adulta ou o de se facer maior. Agora son moi lenta producindo e non quero forzar nada: cando sae, sae, e cando non, tenme como un cadeliño á porta agardando.

P. O seu libro Profundidade de campo (2007) lese como autocrítica. "A beleza corrompe", o personaxe de Pinocho...

R. Hai un distanciamento nalgún momento implacábel. Pero non tanto sobre a miña obra anterior como sobre unha imaxe proxectada no intre no que publico aquela obra. E asumo ese traballo no que hoxe me recoñezo relativamente pouco. Aínda que non me arrepenzo. O que quixeron crear arredor desa obra é o que critico.

P. Por veces semella case unha vinganza sobre aquilo.

R. Vinganza é un pouco heavy, non? Adoito confundíuse a obra coa persoa, pero a miña poesía non son eu. Cando as expectativas creadas non se cumprían, producíase un choque. Son un personaxe proxectivo, que reflicto o esquema de valores de quen teño enfronte. En Profundidade de campo río diso.

P. A imaxe da poeta eclipsou a obra da poeta.

R. Chamaron máis a atención certos aspectos de min e non a obra. A algunhas non se nos vai tomar en serio até que pasen bastantes anos.

P. Por que?

R. Habería que facer unha análise que implicase un punto de vista de xénero. A recepción da obra de mulleres é moi diferente da dos homes. Pregúntasenos por qué retratamos o universo feminino, aos homes nunca se lles pregunta polo universo masculino; os homes falan do eu, as mulleres somos vaidosas; os homes son ambiciosos, nós trepas; eles son serios, nós bordes... E os postos de poder no sistema literario editorial seguen ocupados por homes.

P. A literatura galega é predominantemente patriarcal?

R. Si, claro. Pero non imos por detrás doutras literaturas nin doutros aspectos da sociedade. Frivolízase a obra das mulleres e eu fun un caso clarísimo.

P. Pero a súa condición mediática non contribuíu a espectacularizar a súa obra?

R. Ese proceso formuleino como un achegamento á sociedade. Pero non acabo de entender que chame máis a atención o meramente formal que o contido. E o que menos entendo de todo é que se me reproche. Fixen divulgación, non só da miña poesía, senón

da dos meus compañeiros, dende o programa televisivo Mercuria até na xestión cultural. Tamén se dixo que eu vendo porque saio na televisión e, curiosamente, vendín menos do poemario que saquei cando saía na televisión que do anterior.

P. Con todo, a televisión si que fixo de vostede a escritora máis coñecida da súa xeración.

R. Son opcións, unha é a da non visibilidade, que tomaron autoras que eu admiro, e outra a da visibilidade. Pero a obra débese tomar en si mesma, vai por un camiño separado.

P. Non se contradí a súa poesía, complexa, ambigua, co afán de se "achegar á sociedade"?

R. Velaí o quid. Non perder de vista o lector, pero con certa distancia. Achegar a obra, pero a posteriori. Antes de facer a obra non podes pensar en todo mundo, debes ser absolutamente ambiciosa, botar toda a carne no asador. Só así concibo a escrita. Unha vez rematada? Explorar camiños e canles, proporcionar pistas ao lector, dar asideiros, xuntala a outras disciplinas.

P. Como establece o que entra e o que non nun poema?

R. Iso refírese a un método creativo que eu non practico. Hai quen axiña se bota ao papel en branco e logo tacha. Eu tacho antes do papel: o poema medra e púese na cabeza e só sae algo moi cribado. Podo botar dez meses cun poema na cabeza.

P. Que responsabilidade implican as poéticas epigonais aos seus primeiros libros?

R. Non se trata só de epígonas da miña obra. Houbo unha corrente na miña xeración e que callou até certo punto. Pero a min gústame ler en cada proposta nova algo realmente novo. Son da idea de que para escribir algo que xa escribiron outros, mellor non o escribas.